

Galicia: por bo camiño

por M^a Jesús Fernández


Na liña de crecemento e consolidación que vén caracterizando á literatura infantil e xuvenil en lingua galega, atopamos non últimos meses algúns aspectos que supoñen unha certa novidade e que imos comentar.

Protagonismo de dos álbumes

En primeiro lugar, o máis salientable xa que significa empezar a paliar unha carencia que se viña arrastrando dende os comezos, é o incremento notable da edición de libros-álbum dirixidos ós pequenos lectores. A proposta de maior interese neste senso é a realizada pola editorial pontevedresa Kalandraka que vén de sacar dúas coleccións moi ben editadas nas que, ademais dos textos literarios, podemos apreciar o bo traballo dos ilustradores ós que este formato permite expresarse con toda a súa capacidade creadora. Estas coleccións son: Os Contos do Trasno Comodín e Demademora. Na primeira delas recóllense recreacións de contos clásicos ou da tradición: *O anano saltareiro*, *Os tres porquiños*, *Os sete cabritos...* neles, xunto ás propostas de artistas ben coñecidos como Pepe Carreiro ou Ánxeles Ferrer, atopamos novas e orixinais obras como as de Alicia Suárez, Fernando L. Juárez, Macu Fontarigo... Precisamente, un dos libros desta colección, o titulado *O coelliño branco*, recreación dun conto da tradición oral



KIKO DA SILVA, A VERDADEIRA HISTORIA DO PIRATA XOCAS, IR INDO, 1999.



popular portuguesa, ven de recibir o Premio Nacional de Ilustración de libros infantís e xuvenís outorgado polo Ministerio de Educación e Cultura. O seu autor é o ourensán Óscar Villán, licenciado en Belas Artes pola facultade de Pontevedra e que inicia con esta obra a súa carreira de ilustrador. Posteriormente, e para a mesma editorial, ilustrou o álbum *A cebra Camila*, con texto de Marisa Núñez.

A outra colección á que nos temos referido, Demademora, publica principalmente contos

orixinais e é unha excelente mostra do alto nivel acadado, tanto na literatura para estes nenos que se inician no goce da experiencia lectora, como nas propostas gráficas que os introducen en novos estilos artísticos. Ademais do xa citado *A cebra Camila*, outros notables álbums da colección son *Animais de compañía*, creación de Manuel G. Lourenzo e Enjamio; *O pirata pata de lata*, escrito por Oli e ilustrado por Ramón Trigo; *Ganapán das palabras*, responsabilidade de Pepe Cáccamo e María

Xosé Fernández; *Mago A e... Mago B*, do que son autores Cristina Mirinda e Rubén Carpeita; e, posiblemente a proposta máis vangardista, o titulado *Mateo*, escrito por Paula Carballeira e ilustrado por Pablo Otero Peixe. Nesta colección e noutra titulada *Tras os Montes*, Kalandraka presenta traducións ó galego dos traballos de importantes autores internacionais como é o caso do libro *A toupiña que quería saber quén lle fixera aquilo na cabeza*, realizado por Werner Holzwaerth, ou *Catari-*

na e o oso, con texto e ilustracións de Christiane Pieper.

Outra nova colección para os pequenos lectores é a presentada pola editorial Sotelo Blanco, Os Contos da Mala Malona, da que de momento saíron catro libros escritos e debuxados por Cristina F., que teñen como protagonista á cadela Mala Malona e que constan dun breve texto de estrutura encadeada, complementado con coloristas ilustracións que recordan os debuxos infantís.

Edicións Xerais na súa colección Pequeno Merlín sacou nestes meses dous fermosos álbums para os pequenos. Un deles, *O Grande Tronante*, é froito da feliz colaboración de dous artistas como Gloria Sánchez e Xan López Domínguez, cun resultado moi fermoso plasticamente e tamén moi divertido. O outro libro é o titulado *O neno perdido. Unha aventura do xurelo escritor*, no que colaboraron con éxito dous coñecidos autores como son Xelís de Toro e Francisco Bueno Capeáns.

Feliz colaboración tamén é a que reúne unha vez máis a Xabier P. Docampo e Xosé Cobas, autor e ilustrador respectivamente do libro para primeiros lectores *O home que inventou unha maneira de andar* (col. Bambán; Galaxia/Editores Asociados), no que o humor, clave do relato, se consegue tanto polo texto que busca a complicidade dos lectores, como polos coidados e dinámicos debuxos que subliñan o carácter caricaturesco da historia.

Queremos salientar tamén neste breve repaso o álbum editado por Rodeira-Edebé na colección Tren Azul, *A tea de araña que todo o apaña*, Xoán Babarro, o escritor, recorre ás estruturas rimadas tradicionais para construír unha historia encadeada e sumativa protagonizada polos distintos animalíños que van parar á tea da araña, Isa-

bel Caruncho, encargada das ilustracións, ten feito unhas páxinas coloristas de grande atractivo.

O filón dos contos populares e clásicos

Outra das novidades ás que faciamos referencia ó comezo do artigo é o crecente interese polos relatos clásicos e da tradición popular. Xa comentamos anteriormente a aparición da colección Os Contos do Trasnó Comodín na que figuran recreacións de Andersen, Perrault, Grimm... e do folclore infantil. Tamén a editorial viguesa A Nosa Terra dispón dunha colección adicada a estes relatos chamada precisamente Contos Populares que sacou neste meses


cinco libros responsabilidade do «Colectivo Crisol», dirixidos ós pequenos e profusamente ilustrados, nos que podemos ler versións dos contos tradicionais.

Outra nova colección nesta liña é a que deu á luz Xerais co nome de Cabalo Buligán e da que son responsables Xosé Miranda, Antonio Reigosa e Xoán Ramiro Cuba. Polo momento levan sacados dous títulos: *Contos maravillosos I* e *Contos maravillosos II*, fermosamente ilustrados por Teresa Novoa e Enjamio, respectivamente. Cada libro recolle tres contos da tradición (*O paxaro que fala, a árbore que canta e a auga dourada; Manta en Roma; A gaita que facía a todos bailar; Xanciño o oso; Brancaflor; A flor de violar*). Salientamos neles unha edición moi coidada, tanto no aspecto técnico

como no propio labor de recollida, selección e recreación levada a cabo polos responsables que empregan unha linguaxe rigorosa e que ó final de cada conto engaden unhas notas nas que comentan as peculiaridades do relato, as versións nas que se basearon, as variantes que se poden atopar, a clasificación na que foi encadrado, etc. En definitiva, un traballo interesante, dirixido tanto ós lectores infantís que simplemente gozan cos contos que lles legaron anteriores xeracións, como ós interesados en coñecer aspectos da investigación nesta importante manifestación da cultura popular.

Precisamente, un dos responsables desta colección, o escritor Antonio Reigosa, foi o gañador do último Premio Merlín de literatura infantil pola súa obra *Memorias dun raposo* (col. Merlín; Xerais), libro no que se recolle boa parte dos contos tradicionais protagonizados polo raposo, animal literario por excelencia, e ós que o autor dá unha estrutura unificada mediante o recurso de presentalos como parte das memorias dun vello raposo que pretende ilustrar coa súa experiencia ás novas xeracións da familia.

Doutra banda, as estruturas narrativas tradicionais, suxeitas en maior ou menor medida a unha reelaboración persoal, teñen estado e seguen a estar presentes na actual literatura infantil de autor. Xoán Babarro, de quen xa falamos anteriormente, é un deses autores que consegue dar unha impronta persoal, moi característica, ás vellas fórmulas tan do agrado dos pequenos lectores. Ademais do libro xa comentado, citaremos agora o titulado *Cuco cuquelo, ¿que tes no fardelo?* (col. Merlín; Xerais), relato rimado, con estruturas repetitivas que van facendo progresar a historia reiterando encontros e situacións. O toque persoal do autor está sobre todo na linguaxe em-



XAIME ASEÑSI, CAMIÑO DE FANTASÍA, SOTELO BLANCO, 1998.

pregada, moi rica no vocabulario e na expresión lírica na que abundan fermosas metáforas e expresivas imaxes sensoriais.

Características similares son as que atopamos no libro de Ana María Fernández, *Contos da selva de Longorongón* (col. Alta Mar; Bruño), cinco historias protagonizadas por animais nas que os recursos tradicionais e a linguaxe rimada son empregados de maneira persoal pola autora que contou coas estupendas ilustracións de Xan López Domínguez.

Tamén o debuxante Manuel Uhía na súa segunda incursión na creación literaria buscou inspirarse na tradición. Neste caso, os seus persoais e fermoso debuxos acompañan ó texto titulado *O rato que lle puxo o cascabel ó gato* (col. Alta Mar; Bruño) no que se nos conta como remata a coñecida fábula.

Outra autora interesada en enriquecer as súas obras con elementos do folclore infantil é Concha Blanco, como se pon de manifesto no seu libro máis recente, *A aventura das cores* (col. Merlín; Xerais), estupendamente ilustrado por Enjamio, no que o argumento principal se centra no relato que as distintas cores fan das súas peripecias persoais unha vez que, por mor dun deterxente especial, se ven libres do sofá no que pasaban a vida. Nos sucesivos capítulos do libro, cada un deles protagonizado e narrado por unha das cores, a autora introduce pequenas mostras de composicións populares: cantigas de berce, coplas populares, cancións para acompañar xogos, etc.

Destá mesma autora saíu recentemente o libro titulado *A min que me importa* (col. Alta Mar; Bruño), ilustrado por Xan López Domínguez, relato de humor no que este se consegue fundamentalmente pola análise que a pequena protagonista e

narradora fai da realidade cotiá e pola linguaxe que utiliza para expresarse.

Novos aires na literatura xuvenil

Pasamos a botar unha ollada á literatura xuvenil publicada nestes meses e vemos que continúa o interese de editores e autores por potenciar os libros para este tramo de idade, o que vén sendo

unha constante nos últimos anos. Observamos ademais a incorporación ó xénero de novos narradores e a ampliación do campo temático.

De grande calidade literaria pareceunos o libro de Francisco Fernández Naval, *Historias roubadas* (col. Punto de Encontro; Everest). Na primeira incursión que este poeta e narrador fai na literatura xuvenil tense decantado polo relato curto, de grande tradición na literatura galega, e

ofrécenos oito narracións moi interesantes, toda elas con algún elemento máis ou menos próximo que as circunscribe á realidade de Galicia. Empregando distintas técnicas narrativas, o escritor busca inspiración en personaxes ou momentos da historia, e tamén no cine ó que rende continua homenaxe a través de títulos e autores que xa son clásicos desta arte e que lle serven para crear as súas propias historias. As ilustracións son obra de Xosé Cobas.


Outro autor para mozos que ten elixido o relato curto é Xosé Durán, o seu libro *O asasino invisible* (col. Costa Oeste; Galaxia) presenta dez historias que sitúan o seu argumento no futuro. O autor emprega case sempre a primeira persoa narrativa con diversas formulacións que van desde o diario persoal á carta, e amosa, non sen certas doses de humor, as luces e as sombras dunha hipotética humanidade vindeira que, se ben adquiriu un gran desenvolvemento tecnolóxico e científico, non conseguiu erradicar os vicios e os problemas que semellan formar parte da condición humana.

A fantasía, na súa variedade de relato inquedante e misterioso, é o género dos catro relatos contidos no libro *A ermida do diaño* (col. Costa Oeste; Galaxia) escrito por Xelucho Abella Chouciño.

Entre os relatos longos destaca a novela de Xavier López Rodríguez, *Linguas longas* (col. Costa Oeste; Galaxia), interesante exercicio de escritura no que a principal protagonista é a voz narradora. Unha breve e dramática historia central é o fío conductor da trama e nos sucesivos capítulos do libro distintos personaxes toman a palabra dirixíndose coloquialmente a outros tantos interlocutores para dar a súa subxectiva versión dos feitos. A través destas voces vemos como se vai construíndo unha mes-



ENJAMIO, CONTOS MARABILLOSOS, III, XERAIS, 1998.



ENJAMIO, ANIMAIS DE COMPAÑIA, KALANDRAKA, 1998.

ta rede de intereses que levan a un desenlace trágico.

An Alfaya fai a súa primeira contribución ó relato xuvenil coa novela *A recortada* (col. Fóra de Xogo; Xerais), da que queremos salientar a súa formulación temporal que racha a clásica estruturación lineal, e o propio argumento da historia presidido por un factor trágico e fatalista que se reitera ó longo da vida do protagonista e o leva a ser vítima e involuntario verdugo de seres inocentes.

A parodia do clásico xénero de aventuras é o tema elixido por Jaureguizar para a súa novela xu-

venil, *A rutina corsaria* (col. Fóra de Xogo; Xerais), divertida e alucinante historia que conta a viaxe duns improvisados piratas a través dun océano no que se mesturan fantasía e surrealismo, personaxes míticos con outros que son caricatura de tipos da actualidade. O humor e a crítica social están presentes ó longo de todo o relato.

O mundo do fútbol, coas súas ilusións e tamén cos escuros intereses que agocha, é o tema da novela de Xosé Vázquez Pintor, *Lume de biqueira* (col. Fóra de Xogo; Xerais). Relato coral centrado nun hipotético Celta do

ano 2001 no que sobrancean dous personaxes: un vello adestrador, responsable dos equipos xuvenís, e un xogador da canteira viguesa que debe facer fronte a todas as intrigas que se tecen en torno á súa figura.

Para finalizar este apartado permítome chamar a atención sobre un escritor moi novo, Alberto Santiago Loureiro, gañador na última convocatoria do premio de narracións xuvenís Rúa Nova; a novela premiada, *Case unha cidade* (col. Nova 33), sorprende agradablemente tanto pola madurez do autor poñendo en pé con habilidade unha

complexa trama narrativa, como pola construción de personaxes e ambientes que ocasionalmente se volven *kafkianos* e inquietantes.

Boa colleita para os lectores máis novos

Para o tramo de idade inmediatamente inferior, rapaces entre os 12 e os 14 anos, tamén apareceron nestes últimos meses títulos de considerable interese. O clásico tema da conquista da propia identidade, o paso da infancia á madurez, está presente no libro co que Xosé Antonio Neira Cruz gañou o Premio O Barco de Vapor 1997, *Valdemuller* (col. O Barco de Vapor; SM), conxuga habilmente os planos do mundo real e da fantasía e nármanos a través da aventura da rapaza protagonista o proceso de toma de conciencia da súa singularidade e a necesidade de superar as circunstancias que dificultan a realización como persoa.


O humor é a clave do libro de Manuel Lourenzo González, *Tanis I O Mocos* (col. Merlín; Xerais), divertida historia protagonizada por un príncipe moderno que adopta as características, gustos e linguaxe dun rapaz da actualidade e que co seu comportamento rebelde racha coas expectativas dos que vían nel o sucesor dunha vella monarquía apegada á tradición e ás caducas formas de goberno.

Tamén é fundamentalmente humorístico o novo relato de Agustín Fernández Paz, *O laboratorio do doutor Nogueira* (col. Merlín), no que as estravagantes situacións propiciadas polos experimentos dun personaxe, o doutor Nogueira, que se ten a si mesmo por un altruísta benefactor da humanidade, mostran unha crítica sutil a certos comportamentos individualistas e mesiánicos. O autor, moi interesado nas posibilidades narrati-

vas da voz en primeira persoa, consegue un dos mellores logros do libro na creación do personaxe feminino que actúa como testemuña e cronista dos feitos.

Outro autor que, como xa se ten comentado, tamén explora os distintos matices da primeira persoa narradora é Xabier López Rodríguez. Para o grupo de idade que agora tratamos sacou recentemente tres libros: *Brumoso* (col. Merlín), *O neno que matou a Deus* (col. Tucán; Edebé-Rodeira), e *Voces de vacas* (col. Árbore; Galaxia). O primeiro, *Brumoso*, é unha aventura narrada polo rapaz protagonista a unha amiga que está presente pero que nunca ten intervención; o argumento céntrase na fuxida que este rapaz realiza á vella aldea dos seus antergos en compañía do seu avó; ámbolos dous, avó e neto, están urxidos por distintos intereses, o mozo precisa poñer terra por medio nunha situación que se lle está volvendo complicada de máis, e o vello desexa retornar onde coída que está o seu lugar no mundo. *Voces de vacas* cédelle a palabra a estes animais, os máis representativos dun xeito de vida rural que xa practicamente deixou de existir, e desde o seu punto de vista relátanos os seus traballos e as relacións de xerarquía que entre elas establecen. O neno que matou a Deus está dirixida a lectores máis novos, a partir dos 9 anos, e o rapaz que narra a historia conta cales son as orixes do seu alcume, os problemas que lle causa e tamén nos introduce no seu mundo de relacións: a familia, os amigos, o colexio...

O mítico pasado celta é o marco onde transcorre a novela de Ánxela Loureiro, *Laia, a nena da illa* (col. Merlín), na que a aventura protagonizada por unha nena e os habitantes dun castro que lle dan acollida, sérvelle á autora para recrear a vida e costumes daqueles afastados antergos que deixaron a súa pegada



XOSÉ COBAS, O HOME QUE INVENTOU UNHA MANEIRA DE ANDAR, GALAXIA/EDITORES ASOCIADOS, 1998.

en tantos lugares de Galicia. Posiblemente a maior orixinalidade do relato sexa a de ter prescindido do ambiente fabuloso no que comunmente se sitúa este tipo de relatos e tentar amosar aspectos de como podería ser a vida cotiá deses pobos.

A autora Milagros Oya Martínez no libro *A verdadeira historia do pirata Xocas*, que figura na nova colección Contacontos da editorial Ir Indo, mestura dous planos narrativos e fai progresar paralelamente unha historia actual na que un ancián se ve acosado polo inminente desafiuzamento da súa casa, con outra aventura de corsarios que é a que o seu neto rescata das páxinas do libro que está a ler. Ámbolos dous argumentos conflúen no desenlace da trama central.

Un libro que mestura tradición e modernidade é o escrito por Xosé Antonio Perozo, *Cami-*

ño de fantasía (Sotelo Blanco), relato dunha viaxe fabulosa na que os protagonistas teñen sucesivos encontros e deben superar probas que lles permitan acadar os seus obxectivos. Nesta clásica estrutura aparecen variantes actuais como pode ser a parodia dos comportamentos heroicos, a intertextualidade con numerosas aparicións de personaxes procedentes doutros libros e, sobre todo, a constante interpelación ó lector para que colabore na progresión do relato.

A escritora Margot Chamorro deu cun tono moi axeitado para contar unha fermosa historia que ten moito de autobiográfica, *Tempo rachado* (col. Merlín), amósanos as lembranzas dunha infancia vivida nos duros anos da guerra civil e da cruel posguerra. Sen deixar de pór en evidencia as difíciles condicións de vida daqueles que re-

sultaron vencidos, a voz da narradora descobre tamén un mundo inxenuo de relacións afectivas e intereses infantís. Margot Chamorro, como outros autores da súa xeración, os *nenos da guerra*, soubo plasmar nun emotivo e interesante relato as súas vivencias daqueles anos para ofrecérllelas ós rapaces de hoxe en día.

Un novo libro de Fina Casalderey dános a oportunidade de reencontrámonos co persoal estilo da escritora, tan hábil no uso da primeira persoa por boca dos seus personaxes infantís e en harmonizar o humor e a tenrura coa preocupación por temas relacionados con problemas do ser humano. *Ás de mosca para Anxo* (col. Sopa de Libros; Anaya), emprega estes elementos nunha historia na que a voz narradora cede o protagonismo a un personaxe sen voz, unha nena minusválida psíquica que esperta coa súa chegada a atención e a curiosidade do grupo. Outro libro desta escritora dirixido a lectores de menor idade é *Nolo e os ladróns de leña* (col. O Barco de Vapor; SM), onde coa súa peculiar sensibilidade volve a tratar un tema que lle é querido: a morte das persoas do entorno próximo, e no que a linguaxe empregada se volve xoguete de rimas e imaxes plásticas.

A nova colección Contacontos da Editorial Ir Indo, con varios títulos para distintos tramos de idade, alterna obra de autores consagrados coa doutros que agora inician a súa traxectoria. Entre os primeiros, María Victoria Moreno escribiu para os máis pequenos un libro altamente poético, *A brétema*, que mestura prosa e linguaxe rimada para contar a historia de Misia Senín, unha velliña que pola acción do sol e das súas propias bágoas, convértese en beneficiosa brétema que cobre os campos e as casas da súa aldea. Dos escritores novos salientamos o relato de

Isabel Freire Bazarra, *Glup contra Blef*, conto protagonizado polos peixes dun acuario que reproducen no seu pequeno microcosmos toda unha rica gama de relacións sociais.

Xelís de Toro no libro titulado *O trompetista e a Lúa* (col. Tucán; Edebé-Rodeira) parte dun argumento sinxelo, as aspiracións dun mozo xeladeiro de chegar a ser trompetista de orquestra, para crear un relato divertido e fantástico cun alto contido de imaxes sensoriais xa que a propia Lúa actúa como mestra do aspirante de músico e, levándoo de viaxe por distintos lugares da Terra, ofrécelle a oportunidade de aprender da harmonía interna do universo.

E unha vez máis Gloria Sánchez dános oportunidade de gozar coa súa personalísima maneira de narrar, *Manual para unha pequena meiga* (col. Tucán; Edebé-Rodeira) é, como o seu nome indica, un manual de uso para nenas aprendizas de bruxa e, ninguén que coñeza a autora dubidará de que os principais compoñentes das súas receitas sexan o humor, a transgresión

e a complicidade *perversa* cos pequenos lectores, en contra de todo canto adulto se poña por diante, xa sexan pais, profesores ou calquera outro representante do mundo das persoas maiores.

Unha nova colaboración de dous autores moi orixinais como son Paula Carballeira e Pablo Otero Peixe, ten como resultado o divertido libro, *Un porco e unha vaca xa fan zoolóxico* (col. Merlín), colección de contos que xogan co disparate e coa forza expresiva da linguaxe empregada.

Obras singulares

Desde as institucións tamén chegaron fermosos libros nestes meses. Para conmemorar o actual Xacobeo-99, a Consellería de Cultura Comunicación Social e Turismo xuntou un grupo entre os máis importantes autores e ilustradores galegos. A proposta era crear un libro que recollese o espírito deste acontecemento cultural a través dos relatos infantís. A isto aprestáronse os escritores Marilar Aleixandre, Xoán Babarro, Fina Casalderrey, Agustín Fernández Paz, Antonio García Teijeiro, Paco Martín, Xosé Antonio Neira Cruz, Xabier P. Docampo e Gloria Sánchez, xunto cos ilustradores Xan López Domínguez e Manuel Uhía. A colección de contos ilustrados titúlase *Imos xuntos camiñar*, ten como fío conductor un relato de Marilar Aleixandre e é unha mostra dos distintos estilos individuais e do bo momento xeral da literatura para rapaces que se fai en Galicia.

Xosé Antonio Neira Cruz polo texto e Noemí López polas ilustracións, son os autores do libro *María está a pintar o mar*, editado tamén pola Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo. Historia moi tenra e emotiva, está dedicada ós nenos e nenas que sofren por algunha enfermidade, e moi espe-

cialmente a María, a protagonista do conto, nena real que naqueles momentos loitaba por sobrevivir.

O ciclo da auga na natureza, explicado a modo de conto para os máis pequenos, é o tema do libro-álbum *A viaxe de Purpurina ou a historia dunha pinga de auga*, do que son responsables Xabier P. Docampo, polo texto, e Xosé Cobas, polas ilustracións, e que foi editado pola Consellería de Medio Ambiente.


Crecemento espectacular

Rematamos esta breve panorámica citando uns datos estatísticos recollidos do traballo realizado por Manuel Bragado, *A edición en lingua galega* (Policopiado, 1999), que nos parecen de interese e moi ilustrativos da evolución cuantitativa que ten

experimentado o libro editado en Galicia para nenos e mozos.

Segundo este estudio, entre os anos 1993-1996, o libro infantil supuxo o 11 % do total publicado nese período, pero esta porcentaxe incrementábase ata o 23 % no último ano analizado, 1997, no que se publicaron 287 libros para rapaces o que, en termos relativos supón case tres veces máis ca en todo o resto do sector español que foi nese ano do 8,94 %. As causas deste incremento hainas que buscar no aumento do número de coleccións e na presenza en Galicia de novos editores especializados no xénero.

Aínda que estes datos son elocuentes por si mesmos, cremos que o máis importante non son as cifras expresadas senón a boa calidade media acadada polo sector, tanto desde o punto de vista literario como do da propia edición. ■



ANA SANDE, O PATIÑO FEO, KALANDRAKA, 1999.